

Cal foi o papel do ecofeminismo na Educación Ambiental en España?

Soledad Gil Portela, Paloma Blanco Anaya

Facultade de Formación do Profesorado

Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Historicamente e dende diferentes posicións sociais, as mulleres fixeron aportacións substanciais á ciencia para lograr o desenvolvemento dunha conciencia ecolóxica, entre outras aportacións. Estas aportacións fixeron que as sociedades co paso dos anos chegaran a entender a relación que o ser humano debería de ter coa natureza e co medio ambiente.

As primeiras conexións entre a ecoloxía e o feminismo que deron orixe ó termo “ecofeminismo” atópanse nas ideas literarias das feministas dos anos 70. Xusto na mesma década cando a Educación Ambiental cobra suma importancia e cando se fala da conservación do medio e o coidado da natureza.

Neste senso, co nacemento dunha Educación Ambiental xorden as primeiras inquedanzas e preocupacións polo medio ambiente e as posibles repercusións das actuacións do home sobre a natureza e os seus recursos. Pero sobre todo aparecen posibles solucións aportadas mediante asembleas, reunións, conferencias, manifestacións, programas, plans de acción, etc. Dentro desta loita, cantos nomes de mulleres aparecen? Cantas mulleres son nomeadas ao falar dalgún fito a nivel ambiental?

Se comparamos o noso presente co dos que viviron fai un século e medio, podemos dicir que as mulleres cambiaron as sociedades modernas de maneira profunda, exitosa e non violenta. Conseguírono a partir de dous momentos históricos inéditos: o sufraxismo a mediados do século XIX e a segunda ola do feminismo que xurde no último cuarto do século XX, (Puleo, 2015). A tarefa emancipatoria non rematou e as mulleres conservan o entusiasmo e a forza dos suxeitos sociais emerxentes.

Neste senso, despois de aparecer o movemento denominado *ecofeminismo*, preténdese analizar as súas orixes e consecuencias na sociedade para coñecer a súa repercusión na Educación Ambiental en España.

O Ecofeminismo e a Educación Ambiental en España

O ecofeminismo é unha corrente do feminismo que integra a temática ecoloxista. O termo foi creado pola ecofeminista Françoise d'Eaubonne en 1974 e desenvolveuse sobre todo en Estados Unidos no último terzo do s. XX. Existe unha diversidade de subcorrentes no ámbito sociocultural, político e activista. Rachel Carson é a denominada “voz do ecofeminismo” pola súa labor na loita das fumigacións de DDT (dicloro difenil tricloroetano) (Puleo, 2015).

Segundo Simón Alegre (2013), o ecofeminismo en España xorde con algunhas profesoras de xeografía da etapa da II República española (1933-1939). Estas profesoras abordaban, dentro dos programas pedagóxicos das materias, máis argumentos que aqueles estritamente académicos. É posible conectar a estas profesoras co que a partires da linguaxe do século XXI se denomina educación ambiental e coas primeiras manifestacións do ecofeminismo.

Estas profesoras insistiron en varias cuestións: a primeira foi a necesidade de fomentar a convivencia harmoniosa de homes e mulleres co medio que os rodeaba e a segunda foi o seu desexo persoal de xerar no seu alumnado unha conciencia cidadá sólida. Esta conciencia tiña que servirles para rexeitar calquera tipo de argumento conectado co progreso e a modernidade que para lograrse supuxera arrasar cos ecosistemas ou declarar conflitos bélicos. Desgraciadamente a labor destas profesoras veuse interrompida polo comezo da Guerra Civil (1936), pero as súas ensinanzas chegaron a estenderse sen que o comezo da guerra e a posterior posguerra puideran impedilo (Simón Alegre, 2013).

As irmás Blanca e Clotilde Catalán nadas sobre o ano 1860 son un dos primeiros exemplos de intelectuais interesadas polo desenvolvemento científico da xeografía e as súas disciplinas afíns. Xa comezado o século XX, e sobre todo a década dos anos trinta, o método das irmás Catalán tamén o empregaron outros profesionais para poder conectar co alumnado e xerar unha conciencia cidadá respectuosa, dialogante e ecolóxica (Simón Alegre, 2013).

Algunhas destas profesoras que se poden destacar son Leonor Serrano Pablo e Gloria Giner de los Ríos, as que usaron o recurso pedagóxico da “observación entusiasta”, co que querían facilitar o desenvolvemento dunha educación baseada no principio do respecto cara o ecosistema natural. A forma de fomentar esta idea era explicar nas súas

clases a estreita conexión entre o medio físico e natural que rodeaba ó seu alumnado coa súa propia evolución persoal (Simón Alegre, 2013).

Sen embargo, o que denominamos propiamente como ecofeminismo non acadou a mesma cota de participación no noso país que nos Estados Unidos ou noutros países europeos.

Paralelamente, a Educación Ambiental, tal como hoxe é coñecida, podemos dicir que comezou en efecto en 1975 coa creación do primeiro itinerario da natureza, establecido no bosque de Satinga, cerca de Sabadell, Folch (como se citou en Calvo e Gutiérrez, 2007).

A situación política en España no ano 1975 configurou un estilo propio de educación ambiental, aínda que estaban presentes as referencias internacionais, as nosas ideas e as nosas actividades seguiron un curso independente delas e modélanse máis pola nosa contorna natural e a nosa historia local en concreto. Da mesma maneira que nos demais países, a educación ambiental expándese con rapidez e intégrase con dificultade (Calvo e Gutiérrez, 2007). Isto comeza en tempos de efervescencia social e de cambio, con desexos de preservación da natureza e con posibilidades de acción e renovación do asociacionismo e da educación.

Segundo Calvo e Gutiérrez (2007), na década dos 80 houbo moitas persoas e grupos que poñían en marcha actividades de educación ambiental, para cambiar ás persoas e polo tanto para cambiar o mundo. Para iso propoñían campañas, entraban no movemento ecoloxista como voluntarios ou constituían empresas de servizos de educación ambiental.

Todas esas persoas foron “tecendo” unha rede de relacións ó longo do territorio español que acabou desembocando na creación dun sector profesional e sempre comprometido. Os posteriores seminarios, encontros, xornadas e asociacións serviron de consolidación desta rede, pois tiñan un desexo común que era o de aprender xuntos como afrontar os problemas que naquel momento aínda non se chamaban socioambientais.

Pero a pesares de todos eses esforzos anteriormente mencionados, Calvo e Gutiérrez (2007) afirma que “no desenvolvemento da educación ambiental en España houbo moita improvisación e azar, unha intermitencia de actividades e programas derivada (...) da situación institucional do educador ambiental (...) e da sensibilidade ambiental e honradez profesional e persoal de cada cargo directivo nas institucións” (p.35).

Un resultado a destacar destas reunións ou xuntanzas antes mencionadas, foi o Libro Blanco de la Educación Ambiental (MAPAMA, 1999) que representa a estratexia

española que reúne os acordos ós que se chegaron en case tres décadas de realizacións e reflexións que xorden do colectivo da educación ambiental española. O apoio político, a solicitude internacional e os desexos dos profesionais foron os motores da súa realización. A educación ambiental, segundo o Libro Blanco de la Educación Ambiental en España, ten o obxectivo de capacitar a análise dos conflitos socioambientais, no debate de alternativas e na toma de decisións, individuais e colectivas, orientadas á súa resolución (MAPAMA, 1999).

Segundo Calvo e Gutiérrez (2007) coa elaboración deste libro abriuse un amplo proceso de reflexión colectiva nun bo número de comunidades autónomas, un proceso que aínda hoxe segue vixente.

Pero tamén hai que destacar que o ecoloxismo tivo unha implantación máis rápida e profunda nos pobos que admiran e respectan ós bosques ata o punto de asociar a súa identidade con eles. En culturas nas que a árbore é vista coma un obstáculo que hai que sacar para poder obter o desenvolvemento moderno, o camiño do ecoloxismo e do ecofeminismo é moito máis difícil (Ruíz, 2004).

Segundo Ruíz (2004), o ecofeminismo é a resposta do feminismo a un problema novo que se expón á humanidade e que é o problema de enfrontarse á súa propia forza destrutiva. O ecofeminismo é todo un reto, non só para os gobernos que non contemplan as cuestións de xénero nas súas políticas incluída a medioambiental, se non un reto a nivel xeral. É un reto non so para obter a igualdade, se non tamén unha transformación do modelo social con vistas a que non sexa un modelo destrutor da base material da humanidade, que é a Natureza.

Dentro das voces ecofeministas en España destacan Alicia Puleo, Yayo Herrero e Angélica Velasco. Entre as obras destacables de Alicia Puleo atópase *Ecofeminismo para otro mundo posible* (2011). Esta autora defende que o ecoloxismo e o feminismo en España danse as costas, case non se coñecen nin se tratan (Ruíz, 2004). Xa que existe un fundado temor do feminismo, creado por unha longa experiencia histórica. As mulleres sempre contribuíron xenerosamente a outras causas distintas ás propias sen obter ningún recoñecemento por iso (Ruíz, 2004). Pero tamén explica que o seu desenvolvemento depende do grao de extensión das ideas ecoloxistas entre a poboación en xeral e nos medios intelectuais (Kerslake, 2013).

Yayo Herrero (2013) defende a idea de que as dimensións ecolóxica e feminista son necesarias no ámbito económico, político e social de España. Pois sen elas non se pode

chegar a un modelo compatible coa biosfera e que trate de dar resposta ás diferentes formas de desigualdades.

Tamén contamos coa actual filósofa Angélica Velasco (hai quen di que se pode chamar a discípula de Alicia Puleo) é unha investigadora e doutora en filosofía especialista en ética ambiental e na práctica do coidado para a sustentabilidade e o ecofeminismo. Na actualidade acaba de presentar o seu libro “*La ética animal. ¿Una cuestión feminista?*”, no que establece puntos de contacto entre o feminismo e o animalismo.

Segundo a “Red Equo Mujeres”, que ten unha postura ecofeminista de esencia constructivista, despois dos cambios na política dos últimos anos o ecofeminismo ten máis presenza en certas institucións, polo que ten a oportunidade de facer políticas máis acordes a el; aínda que esta nova política dista moito da política puramente ecofeminista. Así, como indica na súa web, se nun país como en España, onde a tradición feminista é pouca, é custoso meter políticas feministas no día a día, tentar meter políticas nas que se introducirían aspectos relacionados co ecofeminismo e o ecoloxismo é algo verdadeiramente difícil (Red Equo Mujeres, 2016). Tanto Alicia Puleo como a “Red Equo Mujeres” teñen claro que en España a presenza do feminismo na política ou do ecofeminismo é difícil aínda que confíen en que poida ter lugar a longo prazo. Pero tamén se deben afrontar cambios de actitude na cidadanía para ser consciente do poder e da responsabilidade como consumidora fronte ó mercado.

Na actualidade, en España non aparecen movementos ecofeministas en si mesmos, pero si que se conta coa existencia de asociacións feministas que levan a cabo unha labor de loita a favor da igualdade.

Reflexións finais

Tras unha búsqueda de información e de autoras españolas ou residentes neste país, apréciase que o desenvolvemento do ecofeminismo non tivo tanto auxe coma noutros países. Aínda que segundo algunha autora pode chegar o momento en que o ecofeminismo cobre a importancia que se merece, de momento non é algo que se poida observar e que será a longo prazo. España é un país onde a política enerxética e medioambiental segue estando nun segundo plano e para que sexan consideradas cuestión de estado é necesaria vontade política á hora de legislar, polo que sería necesario que primara o interese a favor da cidadanía en xeral, en vez de para unhas poucas persoas.

Estamos en mans duns poucos entre cuxos obxectivos non se atopan a equidade, o benestar e o desenvolvemento sostible.

Contamos con pensadoras e filósofas que manteñen o tema en auxe, e co paso do tempo aparecen novas asociacións feministas (Red Equo Mujeres, FUHEM, etc.) que seguen loitando e mantendo as ideas principais do movemento ecofeminista.

A evolución da educación ambiental en España non está prefixada, o seu rumbo vai depender tanto das vontades dos seus profesionais como das conxunturas políticas e económicas, dos problemas socioambientais e das respostas que xurdan nos ámbitos internacional e local (Calvo e Gutiérrez, 2007).

Referencias bibliográficas

Calvo, S. e Gutiérrez, J. (2007). *El espejismo de la educación ambiental*. Madrid, España: Ediciones Morata.

Herrero, Y. (2013). Pautas ecofeministas para repensar el mundo. *El desigual impacto de la crisis sobre las mujeres*. Boletín Ecos. (22). Recuperado de: http://www.economiasolidaria.org/files/Pautas-ecofeministas-para-repensar-el-mundo_Y_HERRERO.pdf

Kerslake, Y. L. (2013). Entrevista a Alicia Puleo: Reflexiones sobre el ecofeminismo. *Feminismos*. (22). 47-56. Recuperado de: https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/39791/1/Feminismos_22_04.pdf

Puleo, A. (2015). El ecofeminismo y sus compañeros de ruta. Cinco claves para una relación positiva con el Ecologismo, el Ecosocialismo y el Decrecimiento. En A. Puleo. *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. (387-405). Madrid, España: Plaza y Valdés Editores.

Red Equo Mujeres. (2016). *Manifiesto Ecofeminista de la Red Equo Mujeres*. Madrid, España. Recuperado de <http://redequomujeres.es/manifiesto-ecofeminista-de-la-red-equo-mujeres/>

Ruiz, J. C. (2004). *Mujeres al natural. 30 Diálogos sin aditivos, ni conservantes*. Madrid, España. Mandala Ediciones.

Rubio, G. L. e Ruíz, C. X. (Febreiro 2017). *El ecofeminismo entre las mujeres españolas*. Relaciones Internacionales. Recuperado de www.relacionesinternacionales.info

Simón Alegre, A. I. (Marzo 2013). Los inicios del ecofeminismo en España. *Revista El Ecologista*. (76). 54-57.